



D^a. María del Carmen Seoane Bouzas , Secretaria do Concello de Sada (A Coruña),

CERTIFICO: Que o día 18-02-2022, o Sr. Alcalde ditou a resolución 202/2022 que a continuación se transcribe literalmente:

“Expte. núm. 2022/G003/000218

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Modificación do prazo de inscrición nas bases reguladoras do concurso de disfraces do Entroido en Sada 2022)

ANTECEDENTES

1. A Concellería de Cultura presentou unha proposta para a convocatoria dun concurso de disfraces, como actividade que fomenta a participación cidadá na celebración do Entroido, festa que forma parte do patrimonio cultural inmaterial.
2. As bases reguladoras foron aprobadas mediante o decreto de alcaldía núm. 153/2022 de 4 de febreiro, e o extracto da convocatoria foi publicado no BOP da Coruña núm. 34 de 18 de febreiro, dando apertura ao prazo de inscrición.
3. Dado que as bases reguladoras sinalan no seu punto 4 que o prazo de inscrición rematará na data do 20 de febreiro, a Concellería de Cultura propón ampliar o dito prazo ata a data do 23 de febreiro ás 23:59h.

Por todo canto antecede e de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar unha ampliación do prazo de inscrición no concurso de disfraces do Entroido en Sada 2022, a fin de favorecer a participación e garantir un prazo mínimo de concorrencia.

Segundo.- Fixar a data do 23 de febreiro, ata as 23:59h. como nova data de finalización do prazo de inscrición.

Terceiro.- Dar publicidade a esta ampliación no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, así como nas redes sociais municipais a fin de trasladar a información ás persoas interesadas.”

E para que así conste e produza os efectos que proceda, expido a presente de orde e co visado do sr. Alcalde, en Sada, na data de sinatura dixital.-

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pódese verificar a integridade e autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <http://sede.sada.gal>.